

Neste documento recóllense as modificacións á programación do departamento de filosofía do IES Lagoa de Antela nas seguintes materias:

- Valores éticos: 1º e 2º de ESO (Paz Prada)
- Valores éticos: 2º de ESO (Luis Fernando Álvarez)
- Valores éticos: 4º de ESO (Luis Fernando Álvarez)
- Filosofía: 4º de ESO (Luis Fernando Álvarez)
- Filosofía: 1º de bacharelato (Luis Fernando Álvarez)
- Historia da filosofía: 2º de bacharelato (Luis Fernando Álvarez)

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES LAGOA DE ANTELA - 32015232

CURSO: 1º ESO.

MATERIA: Valores Éticos (Paz Prada)

DEPARTAMENTO: DATA: Filosofía

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

INDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Repaso, reforzo e recuperación:	
<u>Bloque 1. A dignidade da persoa.</u> B1.3 Describir en que consiste a personalidade e valorar a importancia de enriquecela con valores e virtudes éticas, mediante o esforzo e a vontade persoal. B1.5. Analizar en que consiste a intelixencia emocional e valorar a súa importancia no desenvolvemento moral do ser humano.	▪VEB1.5.2. Explica en que consisten as emocións e os sentimentos, e como se relacionan coa vida moral. ▪VEB1.5.3. Atopa, a relación entre algunhas virtudes e valores éticos e o desenvolvemento das capacidades de autocontrol emocional e automotivación, tales como a sinceridade, o respecto, a prudencia, a temperanza, a xustiza e a perseveranza, entre outras.
<u>Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais</u> B2.6. Xustificar a importancia dos valores e das virtudes éticas para conseguir unhas relacións interpersoais xustas, respectuosas e satisfactorias.	VEB2.6.2. Elabora unha lista con algúns valores éticos que deben estar presentes nas relacións entre o individuo e a sociedade, tales como responsabilidade, compromiso, tolerancia, pacifismo, lealdade, solidariedade, prudencia, respecto mutuo, xustiza, etc.
Ampliación:	

2. Avaliación e cualificación.

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none">■ Distribución de textos e curtametraxes a través do correo electrónico do alumnado e grupos de WhatsApp.■ Observación sistemática do seguimento que o alumnado fai da materia.■ Corrección e valoración das tarefas e traballos entregadas polo alumnado.■ Actividades específicas de repaso e recuperación realizada por escrito polo alumnado. (Non hai neste caso ningún alumno coa materia suspensa)
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none">◆ Preguntas de comprensión dos textos e curtametraxes así como valoracións críticas dos mesmos.
Cualificación final	<p>A valoración final do alumnado farase seguindo o seguinte criterio:</p> <ul style="list-style-type: none">■ Nota media das cualificacións da 1º e 2º avaliación (50% cada unha = 100%).■ Valoración positiva de ata un 20% da nota para o alumnado que complete as tarefas do 3º trimestre de xeito telemático e online con éxito.■ O alumnado con avaliacións suspensas que entregue as tarefas e traballos telemáticos de recuperación establecidos, de maneira correcta, recuperará ditas avaliacións cunha calificación de suficiente. (Non hai neste caso ningún alumno)
Proba extraordinaria de setembro	Non será necesario
Alumnado de materia pendente	Non existe alumnado neste caso.

3. Metodoloxía e actividades do 3º Trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	♦ Preguntas de comprensión dos textos e curtametraxes así como valoracións críticas dos mesmos.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Todo o alumnado de 1º de ESO conta con medios para estar conectado no seguimento do 3º trimestre. Polo tanto a metodoloxía céntrase nos medios online manexados: <ul style="list-style-type: none">● Explicacións e resolución de dúbidas a través de aplicacións de mensaxeira instantánea (E- mail e WhatsApp).● Entrega de actividades mediante o correo electrónico e WhatsApp.
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none">● Aplicacións de uso didáctico de carácter telemático antes citadas.● Textos en PDF dispoñibles.● Tarefas de repaso, recuperación e ampliación confeccionadas para a súa difusión e corrección online. (Non necesarias)● Curtametraxes de uso didáctico a través do portal web YOUTUBE.● Artigos ou páxinas web de interese para a materia mediante enlaces web proporcionados ao alumnado mediante as aplicacións anteditas.

4. Información e publicidade.

Información ao alumnado e ás familias	<p>Aviso masivo a través do espazo Abalar Familias con enlace web a tódalas programacións do centro.</p> <p>Publicación directa cos grupos-aula de mensaxería instantánea que xestiona o equipo directivo.</p> <p>Comunicación por E-mail e WhatsApp a todo o grupo dos criterios de cualificación final e metodoloxía de traballo para este 3º trimestre.</p>
Publicidade	<p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</p> <p>Aviso masivo a través do espazo Abalar Familias con enlace web a tódalas programacións do centro.</p> <p>Publicación directa cos grupos-aula de mensaxería instantánea que xestiona o equipo directivo.</p>

ADAPTACIÓN. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES LAGOA DE ANTELA - 32015232
CURSO: 2º ESO.
MATERIA: Valores Éticos (Paz Prada)
DEPARTAMENTO: Filosofía

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

INDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Repaso, reforzo e recuperación:	
<p><u>Bloque 3. A reflexión ética</u></p> <p>B3.4. Resaltar a importancia dos valores éticos e a súa influencia na vida persoal e social do ser humano, destacando a necesidade de ser recoñecidos e respectados por todos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ VEB3.4.1. Describe as características distintivas dos valores éticos, utilizando exemplos concretos deles e apreciando a súa relación esencial coa dignidade humana e a conformación dunha personalidade xusta e satisfactoria.
<p><u>Bloque 5. Declaración Universal dos Dereitos Humanos</u></p> <p>B5.1. Sinalar a vinculación entre a ética, o dereito e a xustiza, a través do coñecemento das súas semellanzas, diferenzas e relacións.</p>	<p>VEB5.1.1. Procura e selecciona información en páxinas web, para identificar as diferenzas, as semellanzas e os vínculos entre a ética e o dereito.</p>
Ampliación:	

2. Avaliación e cualificación.

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none">■ Distribución de textos e curtametraxes a través do correo electrónico do alumnado e grupos de WhatsApp.■ Observación sistemática do seguimento que o alumnado fai da materia.■ Corrección e valoración das tarefas e traballos entregadas polo alumnado.■ Actividades específicas de repaso e recuperación realizada por escrito polo alumnado. (Non hai neste caso ningún alumno coa materia suspensa)
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none">◆ Preguntas de comprensión dos textos e curtametraxes así como valoracións críticas dos mesmos.
Cualificación final	<p>A valoración final do alumnado farase seguindo o seguinte criterio:</p> <ul style="list-style-type: none">■ Nota media das cualificacións da 1º e 2º avaliación (50% cada unha = 100%).■ Valoración positiva de ata un 20% da nota para o alumnado que complete as tarefas do 3º trimestre de xeito telemático e online con éxito e no prazo establecido.■ O alumnado con avaliacións suspensas que entregue as tarefas e traballos telemáticos de recuperación establecidos, de maneira correcta, recuperará ditas avaliacións cunha calificación de suficiente. (Non hai neste caso ningún alumno)
Proba extraordinaria de setembro	Non será necesario
Alumnado de materia pendente	Non existe alumnado neste caso.

3. Metodoloxía e actividades do 3º Trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	◆ Preguntas de comprensión dos textos e curtametraxes así como valoracións críticas dos mesmos.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Todo o alumnado de 2º de ESO conta con medios para estar conectado no seguimento do 3º trimestre. Polo tanto a metodoloxía céntrase nos medios online manexados: <ul style="list-style-type: none">● Explicacións e resolución de dúbidas a través de aplicacións de mensaxeira instantánea (E- mail e WhatsApp).● Entrega de actividades mediante o correo electrónico e WhatsApp.
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none">● Aplicacións de uso didáctico de carácter telemático antes citadas.● Textos en PDF dispoñibles.● Tarefas de repaso, recuperación e ampliación confeccionadas para a súa difusión e corrección online. (Non necesarias)● Curtametraxes de uso didáctico a través do portal web YOUTUBE.● Artigos ou páxinas web de interese para a materia mediante enlaces web proporcionados ao alumnado coas aplicacións anteditas.

4. Información e publicidade.

Información ao alumnado e ás familias	<p>Aviso masivo a través do espazo Abalar Familias con enlace web a tódalas programacións do centro.</p> <p>Publicación directa cos grupos-aula de mensaxería instantánea que xestiona o equipo directivo.</p> <p>Comunicación por E-mail e WhatsApp a todo o grupo dos criterios de cualificación final e metodoloxía de traballo para este 3º trimestre.</p>
Publicidade	<p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</p> <p>Aviso masivo a través do espazo Abalar Familias con enlace web a tódalas programacións do centro.</p> <p>Publicación directa cos grupos-aula de mensaxería instantánea que xestiona o equipo directivo.</p>

Valores éticos, 2º ESO (Luis Fernando Álvarez)

- 1) Contidos mínimos, estándares de aprendizaxe e criterios de avaliación.
- 2) Metodoloxía e actividades do 3º trimestre
- 3) Avaliación:
 - a) Procedementos
 - b) Cualificación final de xuño
 - c) Convocatoria de setembro

- 1) Contidos mínimos, estándares de aprendizaxe e criterios de avaliación

Bloque 4: Problemas ético-políticos do mundo actual. Trátase de que os alumnos cheguen a acadar un coñecemento básico sobre dalgúns dos fenómenos (efectiva ou potencialmente problemáticos) do mundo actual, concretamente: a globalización, o consumismo e o deterioro do medio ambiente, e a discriminación nas súas principais variantes. Definir o concepto dun xeito sinxelo e preciso, recoñecelo nas súas manifestacións globais e locais, explicalo en relación ás súas causas e interpretalo dun xeito crítico.

- 2) Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

A proposta difundida na aula virtual da páxina web do instituto é a realización dun pequeno traballo de investigación a partir de diversas fontes de información (libros, internet, informativos, etc.). Deben organizar a información nos seguintes apartados: 1) definición do tema/problema, 2) explicación das súas manifestacións globais e locais, 3) explicación das principais causas do mesmo, 4) suxestión de medidas xerais para paliar ou eliminar o problema, e 5) medidas de tipo persoal ou particular co mesmo propósito.

As dúbidas ou dificultades que poidan xurdir serán tratadas mediante correo electrónico.

- 3) Avaliación:
 - a) Procedementos

Corrección e cualificación do traballo referido anteriormente, que os alumnos deberán enviar ao meu correo electrónico antes do día 5 de xuño.

b) Cualificación final de xuño

No caso de que a nota do traballo da 3ª avaliación sexa igual ou superior á media das avaliacións anteriores, sumarase a estas para obter a nota final.

c) Convocatoria de setembro

A proba de setembro será un exame presencial sobre todos os contidos vistos ao longo do curso ou, se isto non fose posíbel, unha proba global non presencial.

Valores éticos, 4º de ESO (Luis Fernando Álvarez)

- 1) Contidos mínimos, estándares de aprendizaxe e criterios de avaliación
- 2) Metodoloxía e actividades do 3º trimestre
- 3) Avaliación:
 - a) Procedementos
 - b) Cualificación final de xuño
 - c) Convocatoria de setembro

1) Contidos mínimos, estándares de aprendizaxe e criterios de avaliación.

2ª Parte: Política. Último bloque temático: Teses básicas das principais ideoloxías políticas. Despois de expoñer na clase o ideario fundamental das ideoloxías políticas máis influíntes na política contemporánea (ss. XX e XXI): liberalismo, socialdemocracia, nacionalismo, comunismo, fascismo e anarquismo, trátase de que os alumnos poidan comprobar a virtualidade práctica das mesmas en relación a procesos históricos ou á definición programática de partidos políticos na España actual. Comprender a importancia das ideoloxías na historia e no debate político, e ser quen de avalialas criticamente.

2) Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

A proposta, difundida na aula virtual da páxina web do instituto, é a realización dun pequeno traballo de investigación a partir de distintas fontes: internet, libros, medios de comunicación..., sobre unha ideoloxía ou un partido político español. Deberán organizar a información en base ao modelo seguinte: 1) Orixe e historia, 2) teses fundamentais, 3) organizacións políticas e 4) valoración.

As dúbidas ou dificultades que poidan xurdir serán tratadas mediante o correo electrónico.

3) Avaliación:

a) Procedementos

Corrección e cualificación do traballo referido anteriormente, que deberán entregar a través do correo electrónico antes do día 5 de xuño.

b) Cualificación final de xuño

No caso de que a nota do traballo da 3ª avaliación sexa igual ou superior á media das avaliacións anteriores, sumarase a estas para obter a nota final.

c) Convocatoria de setembro

A proba de setembro será un exame presencial sobre todos os contidos vistos ao longo do curso ou, se isto non fose posíbel, unha proba global non presencial.

Filosofía, 4º de ESO (Luis Fernando Álvarez)

- 1) Contidos mínimos, estándares de aprendizaxe e criterios de avaliación
- 2) Metodoloxía e actividades do 3º trimestre
- 3) Avaliación:
 - a) Procedementos
 - b) Cualificación final de xuño
 - c) Convocatoria de setembro

- 1) Contidos mínimos, estándares de aprendizaxe e criterios de avaliación

A falta de clases presenciais nas que se podería manexar certo volume de información teórica acompañada de explicacións adicionais, os contidos serán tratados dun xeito case exclusivamente práctico.

Bloque 5: A realidade. Trátase de que cheguen a ser conscientes do carácter problemático da chamada "realidade" e que comprendan a distinción clásica entre aparencia e realidade, usando como motivo de reflexión un texto narrativo aínda que de grande densidade filosófica: o chamado mito da caverna de Platón.

Bloque 6: A acción humana. Centrarémonos en tres dimensións fundamentais da mesma: a ética, a política e a estética. Deberán aprender a argumentar as súas propias escollas morais resolvendo, previa análise dos posibles argumentos a favor e en contra, un dilema de carácter ético-político. Tamén deberán aplicar os eixos básicos de coordenadas para ubicar as ideoloxías políticas e poder así clasificar de xeito razoado as posicións dos principais partidos políticos españois. Finalmente haberán de procurar tamén elaborar unha xustificación estética, aínda que sexa rudimentaria, do propio gusto persoal exemplificado nunha imaxe, unha obra literaria e unha peza musical da súa propia elección.

- 2) Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

A proposta, difundida na aula virtual do instituto, consiste na realización dunha ficha de traballo sobre os contidos anteriores. A

maiores, igual que nas avaliacións anteriores, deberán facer un pequeno ensaio sobre tema libre.

As dúbidas ou dificultades que poidan xurdir serán tratadas mediante o correo electrónico.

3) Avaliación:

a) Procedementos

Corrección e cualificación da ficha e do ensaio, que deberán enviar por correo electrónico antes do día 5 de xuño.

b) Cualificación final de xuño

No caso de que a nota dos traballos da 3ª avaliación sexa igual ou superior á media das avaliacións anteriores, sumarase a estas para obter a nota final.

c) Convocatoria de setembro

A proba de setembro será un exame presencial sobre todos os contidos vistos ao longo do curso ou, se isto non fose posíbel, unha proba global non presencial.

Filosofía, 1º de bacharelato (Luis Fernando Álvarez)

- 1) Contidos mínimos, estándares de aprendizaxe e criterios de avaliación
- 2) Metodoloxía e actividades do 3º trimestre
- 3) Avaliación:
 - a) Procedementos
 - b) Cualificación final de xuño
 - c) Convocatoria de setembro

- 1) Contidos mínimos, estándares de aprendizaxe e criterios de avaliación.

A falta de clases presenciais nas que se podería manexar certo volumen de información teórica acompañada de explicacións adicionais, os contidos serán tratados dun xeito case exclusivamente práctico.

Tema 7: Ética. Comprender algúns dos conceptos fundamentais da ética en relación con problemas morais concretos presentados en forma de dilemas. Tomar conciencia da necesidade e tamén da dificultade de argumentar racionalmente as propias escollas morais. Aprender a manexar cun mínimo de rigor o vocabulario básico da filosofía moral.

Tema 8: Filosofía política. Aprender a manexar con precisión as categorías básicas do discurso político e tamén a examinalas criticamente. Coñecer algunhas das posicións clásicas sobre o problema da orixe e natureza do poder político.

Tema 9: Estética. Manexo das categorías básicas da reflexión estética aplicándoas á análise razoada de obras concretas de distintas épocas, evitando no posíbel tanto a repetición dos tópicos da historia da arte como as visións puramente subxectivas derivadas do gusto persoal.

Ademais destes contidos temáticos, deberán dar conta da comprensión da 3ª parte do libro de lectura: *El mundo de Sofía*

- 2) Metodoloxía e actividades do terceiro trimestre
 - a) Exercicios de validación da nota da segunda avaliación

Como non foi posíbel facer unha avaliación completa dos contidos da 2ª avaliación, os alumnos deberán validar a nota que se lles puxo mediante a realización dos exercicios aínda non entregados e, a maiores, dunha ficha de traballo complementaria.

b) Contidos da terceira avaliación

Deberán facer un exercicio con cuestións eminentemente prácticas referidas aos contidos previstos, incluído o vocabulario filosófico e a parte correspondente ao libro de lectura. Tamén deberán facer un ensaio do mesmo tipo que nas avaliacións anteriores, neste caso sobre tema libre.

Estas propostas de traballo (cos correspondentes prazos de entrega) estánselle comunicando gradualmente a través de correos electrónicos dirixidos a todo o grupo. Tamén se está usando o correo para atender dificultades e dúbidas.

3) Avaliación:

a) Procedementos

Corrección e cualificación dos exercicios mencionados anteriormente.

b) Cualificación final de xuño

No caso de que a nota do traballo da 3ª avaliación sexa igual ou superior á media das avaliacións anteriores, sumarase a estas para obter a nota final.

c) Convocatoria de setembro

A proba de setembro será un exame presencial sobre todos os contidos vistos ao longo do curso ou, se isto non fose posíbel, unha proba global non presencial.

Historia da filosofía, 2º de bacharelato (Luis Fernando Álvarez)

- 1) Contidos mínimos, estándares de aprendizaxe e criterios de avaliación
- 2) Metodoloxía e actividades do 3º trimestre
- 3) Avaliación:
 - a) Procedementos
 - b) Cualificación final de xuño
 - c) Convocatoria de setembro
 - d) Avaliación de pendentos (criterios de avaliación, procedementos e criterios de cualificación)

- 1) Contidos mínimos, estándares de aprendizaxe e criterios de avaliación.

Filosofía moderna, 2ª parte:

Tema 11, O liberalismo político de Locke (por razón de afinidade temática alterouse a orde cronolóxica e o tema 12, Hume: crítica das ideas de sustancia e causalidade foi impartido e avaliado antes da suspensión das clases). Comprender a renovación da teoría política debida á aparición das teorías do contrato. O contrato como sumisión en Hobbes vs. Contrato liberal de Locke. O liberalismo político e a tolerancia)

Tema 13, Razón e progreso na Ilustración. Comprender o significado xeral, cultural e político, da Ilustración. Os rasgos da razón ilustrada (en oposición á razón omnipotente dos racionalistas do XVII). A idea de progreso e as súas implicacións antropolóxicas, educativas e utópicas.

Tema 14, Kant (Os límites do coñecemento e A lei moral). Adquirir un coñecemento, sequera básico, do proxecto filosófico kantiano, tanto na súa dimensión teórica (Crítica da razón pura) como práctica (Crítica da Razón práctica). A relixión (racional) kantiana e a súa concepción da Ilustración.

Tema 15, Hegel e os hegelianos. Significado da dialéctica hegeliana e do concepto de alienación. A dereita e a esquerda hegelianas. Feuerbach: crítica á relixión e concepto de alienación. (Este tema, moi breve, pretende unicamente ofrecer o panorama do postkantismo e mostrar a xenealoxía do pensamento de Marx)

Tema 16, Alienación e ideoloxía en Marx. Trazos básicos da antropoloxía do primeiro Marx (o traballo e o concepto de alienación). O materialismo histórico. O Capital: análise da economía capitalista.

Debido ás limitacións da actual situación e tendo en conta as modificacións introducidas na ABAU, decidimos deixar fóra os dous últimos temas: Nietzsche e Ortega y Gasset. Estes dous temas verémolos, de xeito voluntario, cos alumnos que se presenten á proba de filosofía da ABAU.

2) Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

Subíronse á aula virtual da páxina do instituto os temas aínda non vistos na clase. Os temas van acompañados dunhas instrucións para o estudo, un vocabulario e un cuestionario de autoavaliación. Tamén se puxo a disposición dos alumnos o correo electrónico para consultas de todo tipo.

3) Avaliación:

a) Procedementos

Vista a imposibilidade de facer exames finais de tipo presencial (procedemento habitual de avaliación nesta materia), deseñouse unha proba de comprensión de 20 preguntas cualificábeis de 0 a 10 que os alumnos poderán contestar usando a información dos apuntamentos ou de calquera outra fonte. Advírtese expresamente aos alumnos que non se vai admitir un corta-pegas e que tampouco se avaliará o exercicio se existen dúbidas fundadas sobre a súa autoría. Deberán enviar as respostas a esta proba por correo electrónico antes do 29 de maio.

b) Cualificación final de xuño

No caso de que a nota da proba da 3ª avaliación sexa igual ou superior á media das avaliacións anteriores (incluíndo as recuperacións), sumarase a estas para obter a nota final.

c) Convocatoria de setembro

A proba de setembro será un exame presencial sobre todos os contidos vistos ao longo do curso, a día de hoxe non concibimos outro tipo de proba viábel para esta materia. Se isto non fose posíbel, haberá que deseñar outro procedemento de avaliación.

d) Avaliación de pendentes (criterios de avaliación, procedementos e criterios de cualificación)

Os criterios de avaliación non varían. En canto aos procedementos, os alumnos teñen dúas opcións: 1) aprobar directamente a asignatura de 2º de bacharelato, nese caso quedaríalles aprobada a de 1º, ou 2) superar unha proba de recuperación de 10 preguntas que deberán

contestar cumprindo exactamente as mesmas regras que na proba de 2º.